



Clasificación

Reino Animalia
Filum Mollusca
Clase Bivalvia

Subclase Autobranchia
Orde Ostreida
Familia Pteriidae

Descrición

Bivalvo de cuncha fráxil que pode chegar a alcanzar os 75 milímetros de lonxitude. As súas valvas, ovalo-alargadas, teñen forma de ala con orellas desiguais. Ambas as valvas son de forma desigual, a dereita é aplanada e a esquerda, abombada, a súa superficie exterior está espiralada con marcas laminares concéntricas e é facilmente descunchable, sobre todo canto máis cerca dos seus bordos. O umbo está situado na parte da cuncha cuxo bordo é recto, está dirixido cara á súa parte anterior e presenta dúas aurículas a ambos os lados; a aurícula anterior presenta a inserción do biso e é unhas seis veces menor que a aurícula posterior. As valvas están recubertas por un groso periostraco, pardo e peludo nos bordos. A súa cor externa é gris apardazada ou gris avermellada, co interior branco anacarado con iridiscencias azuladas.

Hábitat e Bioloxía



Desde os 5 ata os 250 metros de profundidade, en fondos rochosos, onde se fixa co seu biso ou en fondos duros de gravas enterrado co extremo anterior cara abaixo. Tamén podemos encontrala fixa a outros animais, especialmente gorgonias. Como todas as especies da familia Pteriidae, está considerada unha ostra perlífera pola súa capacidade de recubrir de nácara, co fin de illala, calquera partícula estraña introducida no seu interior.

Especies semellantes

A súa característica forma fana facilmente inconfundible.

Distribución

Desde as Illas Británicas ata o Mediterráneo.



Curiosidades

O nome da especie, *hirundo*, é un epíteto latino que significa 'andoriña' e refírese á súa forma (*Pteria* é un epíteto grego que significa 'ala').

Un copéodo, *Lichomolgus elegantulus* (Stock, 1960), é un ectoparasito específico deste molusco.